



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### RIANXO

##### Tesourería - Recadación

*Padrón terrazas 2022*

#### EXPOSICION PÚBLICA PADRÓN 2022 DA TAXA DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS OU ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Acórdase aprobar o padrón 2022 da taxa de ocupación de dominio público local con mesas, cadeira ou elementos análogos con finalidade lucrativa.

O padrón quedará exposto nas dependencias de Recadación, durante 15 días, contados a partir do día seguinte ao que se publique este anuncio no BOP, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e formular alegacións.

Contra as liquidacións comprendidas no Padrón poderase interpor recurso de reposición, no prazo dun mes, a partir da finalización do prazo de exposición ao público, ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais. Contra a resolución recaída poderá interpor recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación de dita resolución, ou ben no prazo de seis meses se non recae resolución expresa no prazo dun mes dende a interposición do recurso de reposición.

O presente edicto ten carácter de notificación colectiva, de acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza, segundo o artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

**O período voluntario de ingreso comezará o 15 de xaneiro de 2023 e rematará o 15 de marzo, ambos os dous incluídos.**

Os pagos poderán realizarse en calquera das entidades colaboradoras na recadación dos tributos do concello de Rianxo; a través da Banca electrónica ou en caixeiro automático nas entidades colaboradoras.

**Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro o día 15 de xaneiro de 2023.**

Transcorrido o período voluntario de ingreso, iniciarase o período executivo, e as débedas esixiranse pola vía de constrinximento e devengarán as recargas, xuros e custas que se produzan.

Rianxo, 16 de DECEMBRO de 2022

O Alcalde,

Adolfo Muiños Sanchez

2022/7977